

Caderno de trabajo
1º ciclo de primaria

Kidane ten un tesouro

Ester Casals



Intermón Oxfam

Caderno de trabajo
1º ciclo
de primaria

Kidane ten un tesouro



Intermón Oxfam

No ano 2000 as Nacións Unidas asinaron a Declaración do Milenio, na que se comprometeron a cumprir os 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), como un primeiro paso para reducir á metade a pobreza extrema no 2015.

Para exixir aos países que cumpran os seus compromisos, máis de 400 organizacións membros da Coordinadora Estatal de ONGD, entre elas Intermón Oxfam, sumámonos á campaña Pobreza Cero.

Kidane ten un tesouro

1º ciclo

Caderno de traballo para o alumnado

Dirección da colección: Raquel León

Coordinación da autoría: Gemma Vello e Montse Riera

Consello asesor: M. Àngels Alié, Carme Batet, Mireia Claverol, Núria Ensesa, Marga Florensa, Israel García, Joan Pere Guzmán, Laura Martí, M. Jesús del Olmo, José Palos, Desiderio de Paz, Ferran Polo, Patricia Quijano, María Rico, Teresa Riera, M. Lluïsa Ruiz

Coordinación da produción: Elisa Sarsanedas

Deseño da cuberta e interiores: Estudi Lluís Torres

Tradución: Luïsa Diéguez

1ª edición: xullo de 2006

Autoría: Sibila Vigna

Ilustracións: Àngel Sauret

Intermón Oxfam

Roger de Llúria, 15, 08010 Barcelona

Tel. 93 482 07 07

ISBN:84-8452-401-9

Produción: Editorial Octaedro



Ola! Son Kidane e teño sete anos.
Tivemos que irnos da aldea onde nacín e agora
vivimos nunha pequena cidade.
Contareivos que pasou e todas as cousas que vivín.




Axudo aos meus pais a plantar tef.
Na balsa hai moi pouca auga e parece que este
ano non choverá e haberá moita seca.



Non temos auga nin comida.
O tef non puido medrar.
Cómpre buscar unha solución
Que inxustiza!



Hai días que camiñamos e estamos cansos. Aínda non atopamos ningunha aldea na que poidamos quedar unha temporada. Mirar a “washent” que me regalou o meu avó tráeme moitas lembranzas, é o meu tesouro.



Xa atoparamos unha aldea onde vivir, pero Lamlam púxose enferma.
Temos que levala á cidade porque alí poderá visitala un médico.
Alá lonxe vese a cidade. Por fin chegamos!



A doutora di que Lamlam está moi enferma e que ten que quedar no hospital.
Os meus pais están tristes.
Eu quero que Lamlam sande.
Teremos que buscar unha casa para vivir.



Os meus pais encontraron traballo.
Agora vivimos nunha casa pequeniña que me gusta
moito.
Lamlam aínda está no hospital e imos vela.



Como os meus pais traballan e gañan cartos, eu podo ir á escola.
Eu nunca fora á escola e estou contento de poder ir porque aprenderei moitas cousas.




Teño moitos amigos e amigas.
Eu ensineilles a tocar a "washent" e eles
ensináronme os seus xogos.
Lamlam cada día está mellor.



Xa volvemos estar todos xuntos.

Somos moi felices.



Espero que se atopen solucións para a seca para que non se volva repetir o sufrimento que viviron moitas persoas.





Chámome Kidane e teño 7 anos. Vivo en Halako (Etiopía). Gústame ir á escola e xogar cos meus amigos e amigas. E ti, como te chamas?, de onde es?, que che gusta facer?




Pinta os debuxos nos que a auga é indispensable.








Rodea cun círculo o debuxo no que se aforra auga.



Busca as cinco diferenzas que hai nestes dous debuxos. Cales son?



Cales son os medios de transporte que ti coñeces?



Cales son os que emprega a familia de Kidane?

Debuxa e escribe todas as cousas que utilizas cando estás enfermo ou enferma.

Despois rodea cun círculo aquelas que son imprescindibles.

A continuación hai diferentes oficios. Pinta un cadrado, uns cantos ou moitos dependendo de se che gustaría realizar os oficios que se mostran ou non. Podes escribir tres oficios máis e valoralos tamén.



médico/a

□ □ □ □ □ □



informático/a

□ □ □ □ □ □



bombeiro/a

□ □ □ □ □ □



panadeiro/a

□ □ □ □ □ □



perruqueiro/a

□ □ □ □ □ □



varredor/a

□ □ □ □ □ □



repartidor/a

□ □ □ □ □ □



froiteiro/a

□ □ □ □ □ □



garda

□ □ □ □ □ □



conductor/a
de autobús

□ □ □ □ □ □



mestre/a

□ □ □ □ □ □

□ □ □ □ □ □



carteiro/a

□ □ □ □ □ □



agricultor/a

□ □ □ □ □ □

□ □ □ □ □ □

□ □ □ □ □ □

Completa as seguintes frases:

A miña escola chámase _____

O que máis me gusta facer na escola é _____

O que máis me custa é _____

A miña mellor amiga chámase _____



Esfórzome cando _____

Pásoo moi ben sempre que _____

No patio gústame xogar a _____



Cantos xogos coñeces?



Acaba a historia




Que aprendemos?

Con Kidane
aprendín que...



As diferenzas entre a vida de Kidane e a nosa son:

Entre toda a clase pensade solucións para a seca co fin de evitar que outras persoas volvan sufrir como Kidane





Intermón Oxfam




A partir da historia de Kidane, un neno de Etiopía, imos coñecer unha situación de pobreza extrema. A seca obriga a Kidane e a súa familia a deixar a súa casa e buscar outro lugar onde vivir. Esta experiencia permítenos coñecer de primeira man unha situación de falta de oportunidades e as dificultades que atopa Kidane e a súa familia para satisfacer as necesidades básicas. As actividades que acompañan a historia ofrecen a oportunidade de afondar sobre o concepto de pobreza e reflexionar sobre situacións de inxustiza.

Colección unidades didácticas de primaria

Esta colección forma parte do programa **Educar para a Cidadanía Global** de Intermón Oxfam. Pretende potenciar no alumnado actitudes e valores que lles permitan coñecer e entender mellor a realidade que os rodea e así participar activamente como cidadáns e cidadás na construción dun mundo máis xusto e solidario.

Proposta de traballo global, flexible e adaptada ás necesidades do alumnado. Este caderno está pensado para o alumnado de educación infantil.



Outros títulos do mesmo ciclo:

TEMA **Por un comercio con xustiza**
Unha visita inesperada

TEMA **Educación agora**
Amina e Musa van á escola

TEMA **Medio ambiente e desenvolvemento**
Noaga e a auga

TEMA **Armas baixo control**
Una sorpresa para Rosalina

TEMA **Dereitos da infancia**
Beto quere medrar

ISBN 84-8452-401-9



9 788484 524014

752184